



Expediente nº 1718/2022

Asunto: PROCEDEMENTO ABERTO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS DO CONCELLO DE PONTEAREAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA E DE NECESIDADE

Motivación da emisión deste documento: de conformidade cos artigos 1, 28.1 e 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), este Concello pode celebrar aqueles contratos que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A natureza e extensión das necesidades do contrato, a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben determinarse antes de iniciar o procedemento encamiñado para a súa adxudicación, debendo publicarse no perfil de contratante. Ademais, de conformidade co artigo 28.2 da LCSP, favorecerase a axilización de trámites.

Por todo elo, emítese por alcaldía na súa condición de órgano de contratación e tamén por ter atribuída a dirección e xestión da concellaría de ensino, a seguinte memoria xustificativa respecto da:

- 1) Necesidade e obxecto do servizo que se pretende contratar
- 2) Competencia
- 3) División en lotes
- 4) Lotes reservados.
- 5) Duración
- 6) Orzamento de licitación e valor estimado
- 7) Procedemento de licitación e solvencia esixida.
- 8) Criterios de adxudicación

Finalmente, de conformidade coa regra de axilización de trámites, dispónese neste documento o inicio do procedemento de contratación, a solicitude de certificado de existencia de crédito e de elaboración de pregos, así como a realización dos trámites que sexan necesarios para aprobar o expediente.

1. Necesidade e obxecto do contrato.

Ao tratarse dunha competencia municipal a conservación e mantemento de Centros de Educación Infantil e Primaria en edificios de titularidade do Concello, é necesaria a prestación do servizo de limpeza e desinfección e a retirada e depósitos dos residuos do CEIP “Fermín Bouza Brey”, CEIP “Nosa

Sra. dos Remedios" e CEIP "Mestre Ramiro Sabell Mosquera", dependentes do Concello de Ponteareas. Os citados servizos afectan a todas as dependencias e de tódalas plantas dos referidos centros escolares.

As instalacións a limpar, as frecuencias, a ampliación e reducións do servizo, os produtos a utilizar e o control, descríbense no prego de prescricións técnicas asinado por alcaldía e secretaría o 22 de novembro de 2022.

2. Competencia municipal.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece no seu artigo 25.2 e) que é competencia propia dos municipios, nos termos que fixe o lexislador sectorial:

*"Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obligatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construcción de novos centros docentes. **A conservación, manetemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial."***

E o artigo 80.2 ñ) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, establece coma competencia propia:

"A participación na programación do ensino e a cooperación coa Administración educativa na creación, construcción e manetemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obligatoria."

Marco xurídico na lexislación sectorial

Partindo do disposto na lexislación de réxime local, acudimos á lexislación sectorial en materia educativa co obxecto de aclarar as competencias municipais.

A Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, sinala na Disposición Adicional 2^a:

*"1. Las Corporaciones locales cooperarán con las Administraciones educativas competentes, en el marco de lo establecido por la legislación vigente y, en su caso, **en los términos que se acuerden con ellas**, en la creación, construcción y **mantenimiento** de los centros públicos docentes, así como en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria.*

(...)



A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, sinala na Disposición Adicional 15^a:

"Disposición adicional decimoquinta. Municipios, corporaciones o entidades locales.

1. Las Administraciones educativas podrán establecer procedimientos e instrumentos para favorecer y estimular la gestión conjunta con las Administraciones locales y la colaboración entre centros educativos y Administraciones públicas.

En lo que se refiere a las corporaciones locales, se establecerán procedimientos de consulta y colaboración con sus federaciones o agrupaciones más representativas.

2. La conservación, el mantenimiento y la vigilancia de los edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial, corresponderán al municipio respectivo. Dichos edificios no podrán destinarse a otros servicios o finalidades sin autorización previa de la Administración educativa correspondiente.

3. Cuando el Estado o las Comunidades Autónomas deban afectar, por necesidades de escolarización, edificios escolares de propiedad municipal en los que se hallen ubicados centros de educación infantil, de educación primaria o de educación especial, dependientes de las Administraciones educativas, para impartir educación secundaria o formación profesional, asumirán, respecto de los mencionados centros, los gastos que los municipios vinieran sufragando de acuerdo con las disposiciones vigentes, sin perjuicio de la titularidad demanial que puedan ostentar los municipios respectivos. Lo dispuesto no será de aplicación respecto a los edificios escolares de propiedad municipal en los que se imparten, además de educación infantil y educación primaria o educación especial, el primer ciclo de educación secundaria obligatoria. Si la afectación fuera parcial se establecerá el correspondiente convenio de colaboración entre las Administraciones afectadas.

(...)"

Da normativa de réxime local e sectorial que acabamos de expoñer, aos municipios correspónelles a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial; e tamén respecto aos edificios escolares de propiedade municipal nos que se imparten, ademais de educación infantil e educación primaria ou educación especial, o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria.

A recente Sentenza do Tribunal Supremo n.º 1377/2021 de 25 de novembro de 2021 (sala do contencioso administrativo), recurso 183/2020, confirmou que os municipios ostentan competencia propia na conservación e mantemento dos centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, situados en edificios da súa titularidade, sen prexuízo do que poida prever a lexislación sectorial.



No presente caso estamos ante tres colexios de educación infantil e primaria, cuxos edificios son de titularidade municipal. E os servizos de limpeza inclúense dentro dos deberes de mantemento e conservación.

3. División en Lotes.

O artigo 99.3 da LCSP indica que sempre que a natureza ou obxecto do contrato o permitan, debe preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes.

A contratación do servizo de limpeza afecta aos seguintes colexios coas xornadas semanais que se indican:

- Lote 1: Traballos de limpeza do CEIP “Fermín Bouza Brey”: 120 horas semanais (480 horas mensuais).
- Lote 2: Traballos de limpeza do CEIP “Nosa Sra. dos Remedios”. 90 horas semanais (360 horas mensuais).
- Lote 3: Traballos de limpeza do CEIP “Mestre Ramiro Sabell Mosquera”. 105 horas semanais (420 horas mensuais).

Número máximo de lotes aos que os licitadores poderán presentar ofertas: No caso do Lote 1 e Lote 2 a dous Lotes e no caso do Lote 3 soamente a este polas entidades contempladas na D.A. 4^a LCSP.

Limitación do número de lotes a adxudicar: NON no caso do Lote 1 e Lote 2 e sí no caso do Lote 3.

Non se admite oferta integradora.

4. Lotes reservados.

No caso do Lote 3, resérvase a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral. O órgano de contratación acóllese á posibilidade establecida na Disposición Adicional Cuarta da LCSP e considerar este contrato como reservado ás empresas que cumplen os requisitos esixidos e



obtiveran a cualificación como Centro Especial de Emprego ou empresas de inserción sociolaboral, ao obxecto de promover o emprego de persoas con discapacidade.

Os Centros Especiais de Emprego, figuran regulados no Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, son institucións de integración laboral e considéranse elementos básicos integradores das persoas con discapacidade no denominado mundo ordinario do traballo, cando polas súas circunstancias de orden persoal, consecuentes coa súa discapacidade, non poidan exercer unha actividade laboral nas condicións habituais.


Os Centros Especiais de Emprego son empresas cuxo obxectivo principal é o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións de mercado, e cuxa finalidade é asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade.

5. Duración

A duración inicial do contrato será de DOUS ANOS e existe a posibilidade de 1 prórroga de 2 anos máis, ata unha duración máxima de catro anos (inicial + prórrogas), de acordo co artigo 29.4 da LCSP. O servizo prestarase 10 meses ao ano: de setembro a decembro e de xaneiro a xuño.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo prodúzase, polo menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato establezáse un maior. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

Non obstante, tendo en conta a natureza do servizo básico en canto á necesidade de garantir a cobertura da asistencia social da poboación dependente do Concello de Ponteareas, e ao non dispor o Concello de medios persoais e materiais, se chegado o remate do período de contratación, inicial ou prorrogado, non se tivese assumido directamente polo Concello ou efectuada unha nova adxudicación, a empresa contratista deberá continuar transitoriamente, coa prestación do servizo ata que o organismo o asuma ou un novo adxudicatario, se faga cargo do mesmo, nas mesmas condicións técnicas e económicas vixentes, na data de remate do prazo de extinción do contrato, considerándose dita prestación como un acto totalmente separado do contrato extinguido e que en ningún caso se poida considerar como unha prórroga, nen tácita nin expresa, nen supoña ningún tipo de privilexio ou expectativa, respecto á unha nova adxudicación.



O prazo de duración comezará a contar a partir da sinatura de acta de inicio da prestación do servizo que terá lugar no prazo máximo de quince días naturais a contar dende a formalización do contrato.

6. Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.

De conformidade co informe xustificativo do orzamento de licitación e valor estimado, emitido por secretaría o 22 de novembro de 2022:

RESUMO ORZAMENTO DE LICITACIÓN ANUAL

	ORZAMENTO DE LICITACIÓN ANUAL SEN IVE	IVE DO 21%	ORZAMENTO CON IVE
LOTE Nº 1 CEIP "Fermín Bouza Brey"	64.704,00€	13.587,84€	78.291,84€
LOTE Nº 2 CEIP "Nosa Sra. dos Remedios"	48.528,00€	10.190,88€	58.718,88€
LOTE Nº 3 CEIP "Mestre Ramiro Sabell Mosquera"	56.616,00€	11.889,36€	68.505,36€
TOTAIS	169.848,00€	35.668,08€	205.516,08€

O valor estimado do contrato tense en conta para elixir o procedemento de adxudicación aplicable nesta licitación. Ao abeiro do artigo 101 da LCSP o valor estimado é de 679.392,00€ (I.V.E. excluido) e engloba a duración máxima de 4 anos que pode acadar o contrato (prórrogas incluidas).

7. Procedemento de licitación e solvencia esixida.

O contrato adxudicarase mediante o procedemento aberto, mediante tramitación ordinaria. O contrato adxudicarase mediante o procedemento aberto, mediante tramitación ordinaria, previsto e regulado nos artigos 131.2 e 156 e seguintes da LCSP, resultando suxeito a regulación harmonizada, de conformidade ao establecido no art. 22.2.b) e 2 da LCSP.

As empresas concorrentes deberán xustificar a solvencia económica mediante a achega dos documentos seguintes:



-Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos disponíveis en función das datas de constitución e de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado anual do lote ou lotes aos que se licita.

Documentación a presentar (referida ao mellor exercicio dentro dos tres últimos disponibles):

a) No caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís):

- Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda, e/ou o modelo 200 (Declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades).

b) No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

b.1) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada.

- Libro rexistro de vendas e ingresos (debendo estar debidamente legalizado, no seu caso).

- Modelo 390 (declaración resumo anual IVE) e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas).

b.2) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva.

- Libro rexistro de vendas e ingresos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas).

- Declaración responsable asinada polo representante legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. No caso de non dispor do libro de rexistro de vendas e ingresos, a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa.

Os licitadores acreditarán a súa solvencia técnica e profesional

polos medios que a continuación se indican, debendo aportar os seguintes documentos:

-Relación dos servizos executados no curso dos tres derradeiros anos, avalada por certificados de boa execución emitidos pola Administración ou empresa perceptora da prestación; estes certificados indicarán o importe, datas e o lugar de execución das obras e se precisará se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo.



O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido) debe ser igual ou superior ao 70% do valor estimado anual do lote ou lotes aos que se licita.

-Declaración indicando a maquinaria, material e equipo humano do que se disporá para a prestación do servizo, coa que se achegará a documentación acreditativa correspondente.

8. Criterios de adxudicación.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación para cada LOTE en base á mellor relación calidade/ prezo. A máxima puntuación é de 85 puntos.

AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

Criterio	Ponderación	Descripción (valoración mediante fórmulas)
CRITERIOS AVALIADOS BAIXO FÓRMULAS		
Menor prezo	40	Valorarase con 40 puntos a oferta económica más baixa respecto do ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (SEN IVE). As puntuacións obteranse mediante proporcionalidade inversa, tal e como se establece na fórmula. Puntos. oferta $X = \text{oferta más económica} \times 40 / \text{oferta X}$.
Horas extraordinarias especiais	30	Bolsa cun número de horas extraordinarias gratuitas de limpeza para o desenvolvemento e atención de tarefas extraordinarias ou especiais, cun máximo de 100 horas anuais. Valorarase con 0,30 puntos cada hora ofertada.
Prezo €/hora por servizos extraordinarios ou especiais a que se refire o apartado 4.1 do prego de prescripcións técnicas.	15	Outorgarase máxima puntuación á oferta que formule un prezo/hora más baixo e o resto valorarase de acordo coa seguinte fórmula: $X = \text{oferta más económica} \times 15 / \text{oferta X}$

INICIO DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN

Considerando canto antecede, DISPONSE por alcaldía na súa condición de órgano de contratación:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente de contratación do servizo.

SEGUNDO. Solicitar certificado de existencia de crédito á Intervención Municipal.

TERCEIRO. Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

CUARTO. Que se continúe coa tramitación necesaria para aprobar o expediente de contratación.

A alcadesa

María Cristina Fernández Davila

